

Rexeitado o ERE de NEIRA & ORTEGAL S.L. por deficiencias na documentación acreditativa e indicio de fraude de lei na inclusión e posterior retirada, ambas sen causa xustificada, de catro familiares directas dos socios.

O Departamento Territorial de A Coruña, da Consellaría de Traballo e Benestar, resolveu rexeitar a solicitude de ERE, presentada pola empresa Neira & Ortegál S.L., que ía supór a perda de 19 postos de traballo.

O expediente, segundo a autoridade laboral, presenta múltiples irregularidades de fondo e forma.

As causas económicas só se acreditan de forma dubidosa, porque non se aportan suficientes datos como para demostrar perdas durante un período suficiente. Estas perdas, segundo o auto, poden deberse tanto á crise como á propia política seguida pola empresa (adquisición do novo inmoible en Narón, contratacións sen xustificar, aluguer de vehículos de alta gama “Volvo e Mercedes”...en plena situación de recesión).

A resolución dá como feito certo que a empresa tentou beneficiar do ERE a catro supostas traballadoras (familiares directos dos socios) e que no momento no que o inspector requiriu datos sobre estas persoas, deunas de baixa na empresa. É tan significativa a forma na que se produciu a baixa que se considera que a empresa incorreu en fraude de lei.

Tamén, segundo o documento que recibiu o Comité de Empresa, queda comprobado que se contratou a un fillo de un socio con contrato en prácticas cando xa supostamente sobrava persoal.

A autoridade laboral ven a confirmar as denuncias das irregularidades que estaban a facer públicas os traballadores e traballadoras, e que lles levou a convocar unha xornada de folga o pasado 2 de setembro.

A unidade e firmeza da plantilla de Neira & Ortegál S.L., fixo posible a defensa dos postos de traballo, pese ás presións da empresa. A folga xeral convocada para o 29 de setembro ten que ser unha resposta, tamén de unidade e firmeza, para enfrontar estas situacións de abuso das empresas que, escudándose na crise económica buscan só sanear as plantillas, aproveitando a reforma laboral para contratar en condicións aínda máis precarias das que se están soportando xa en moitos sectores.

Ferrol a 17 de setembro de 2010

Asinado.-

Cristina Martínez Ces

Secretaría Comarcal da Federación de Servizos